

Resolución reitoral pola que se publica a listaxe definitiva de persoas con axuda concedida e listaxe de agarda nos Premios VII edición do programa INCUVI-AVANZA da Universidade de Vigo, no curso académico 2022/2023

De conformidade co establecido no punto 6 do anexo I da Resolución Reitoral do 28 de setembro de 2022 no que se regulan as bases da convocatoria da VII edición de Axudas INCUVI-Avanza da Universidade de Vigo, unha vez rematado o proceso de selección segundo os criterios establecidos na convocatoria,

esta Reitoría RESOLVE:

1. Publicar a **listaxe definitiva** de persoas con axuda concedida. (anexo I)
2. Publicar a **listaxe de agarda**. (anexo II)
3. Son obrigas das persoas beneficiarias:
 - Colaborar coas accións e actividades de promoción e difusión do programa.
 - Cumprir cos prazos marcados pola universidade para a entrega da información requirida.
 - Entregar toda a información adicional requirida pola universidade ao longo da vixencia do programa.
 - Asistir e participar nas actividades de formación establecidas. Unha participación inferior ao 80% nas actividades programadas considerárase como incumprimento de participación.
 - Asistir alo menos ao 80% das reunións de mentorización establecidas.
 - Desenvolver o/s prototipo/s ou demos dun servizo ou produto que formen parte da iniciativa emprendedora subvencionado e mostrar xustificante da súa presentación nalgún foro.
 - Presentar as facturas e xustificantes de pago de todos os gastos a subvencionar no prazo de 15 días desde a finalización da mentorización.

A axuda está suxeita á retención do IRPF establecida na lexislación tributaria.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte da súa publicación (ou dende o día seguinte ao recibimento da súa notificación), de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución (ou dende o día seguinte ó recibo desta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Vigo, na data de sinatura electrónica

O reitor

Por delegación RR 22/06/2022 (DOG 06/07/2022)

A vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade

Natalia Caparrini Marín



CSV : GEN-2b77-26c2-1201-b3c5-ed9d-350e-04d5-cf40

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portalfirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 13/01/2023 13:55 | NOTAS : F

ANEXO I
LISTAXE DEFINITIVA DE PERSOAS CON AXUDA CONCEDIDA

Apelido1	Apelido2	Nome	Puntuación	Contía
Sierra	Amoedo	Alejandro	80	Max. 1.000€
Rodríguez	Castro	Juan Jose	76	Max. 1.000€
Fernández	Traversa	Nicolás	73	Max. 1.000€
González	Lozoya	Andrea	72	Max. 1.000€

Contía total máxima: 4.000 €

ANEXO I
LISTAXE DE AGARDA

Apelido1	Apelido2	Nome	Puntuación
Perez	Prieto	Leticia	70



CSV : GEN-2b77-26c2-1201-b3c5-ed9d-350e-04d5-cf40

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pt/valida>

FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 13/01/2023 13:55 | NOTAS : F